

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

29 abril 2018

CONÉCTATE a Xesús!

Deixa que recargue a túa VIDA.

1. VER: Recargar e conectar.

-É algo que facemos habitualmente. Recargamos a batería do móbil ou da tablet para que sigan activos e funcionen. Pero fai falta tamén conectar co servidor, que haxa boa cobertura para que sigan activos e funcionen.

Que pasa se non temos batería ou cobertura? E na vida?

2. XULGAR: Conéctate a Xesús e darás froito

-Estes domingos, Xesús Resucitado estanos axudando a coñecelo: as lecturas indícanos que é Alegría, Paz, Pan, Palabra, bo Pastor... Hoxe dinos: *“eu son a VIDE e vós os BACELOS; meu Pai é o labrador o que permanece UNIDO a min e eu a el, ese dá froito abundante, porque sen min non podedes facer nada...”*.

QUE NOS QUERE DICIR?

-Que el é a cepa e nós somos os bacelos, se estamos unidos a el daremos bos froitos.

-**Estar unidos á vide, a Xesús,** é garantía dunha vida con sentido, unha vida frutífera, unha vida para non malgastar o viño do amor, que termine por transformar a nosa desgana e apatía.

-**Xesús dinos:** “Eu son a túa fonte de alimentación, se te unes a min, cargarei as túas baterías, terás luz e enerxía, enchereite” Se non te unes a min vivirás apagado ou fóra de cobertura...”.

-**E non esquezas que hai que deixarse podar polo Pai,** cortando os fallos, os malos hábitos e pecados.

Como poderías vivir máis unido a Xesús? Que deberías podar máis?

3. ACTUAR: Déixao recargar a túa vida

-**Non te esquezas de cargar as baterías, de vivir “enchufado” a Xesús** na oración, a eucaristía, para dar froitos de amor, perdón, solidariedade. Ten sempre a cobertura da súa Palabra e do seu Espírito.

-**Dialogamos** co sacerdote ou os catequistas descubriendo como mellorar a parroquia para que sexa máis alegre e comprometida, fogar e obradoiro de experiencias que leven ao encontro con Xesús, a verdadeira vide.

-**Aos nenos que estes días fan a súa primeira comunión** transmitímoslles a alegría de crer, para que Xesús se achegue ao corazón, feito pan, viño, alegría e amor.

Que imos facer?

LECTURAS

FEITOS 9, 26-31:

El contoulles como vira o Señor no camiño.

Naqueles días, ao chegar Paulo a Xerusalén, trataba de xuntarse cos discípulos, pero todos lle tiñan medo, porque non se fiaban de que fose discípulo. Entón Bernabé, tomándoo consigo, presentouno aos apóstolos e el contoulles como vira o Señor no camiño, o que lle dixeran e como en Damasco actuara valentemente no nome de Xesús. Saulo quedou con eles e movíase con liberdade en Xerusalén, actuando valentemente no nome do Señor. Falaba e discutía tamén cos helenistas, que se propuxeron matalo. Ao decatarse os irmáns, baixárono a Cesarea e enviárono a Tarso. A Igrexa gozaba de paz en toda Xudea, Galilea e Samaría. Íase construíndo e progresaba no temor do Señor, e multiplicábase co consolo do Espírito Santo.

Palabra do Señor.

SALMO 11:

O Señor é a miña loanza na grande asemblea.

1ª XOÁN 3, 18-24:

Este é o seu mandamento: que creamos e que amemos.

XOÁN 15, 1-8: *O que permanece en min e eu nel, ese dá froito abundante.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: *-«Eu son a verdadeira vide, e o meu Pai é o labrador. A todo bacelo que non dá froito en min arríncao, e a todo o que dá froito pódao, para que dea máis froito. Vós xa estades limpos pola palabra que vos falei; **permanecede en min**, e eu en vós.*

*Como o bacelo non pode dar froito por si, se non permanece na vide, así tampouco vós, se non permanecedes en min. **Eu son a vide, vós os bacelos; o que permanece en min e eu nel, ese dá froito abundante porque sen min non podeades facer nada.***

Ao que non permanece en min tírano fóra, como o bacelo, e sécase; logo recóllenos e bótanos ao lume, e arden. Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que desexades, e realizarase.

Con isto recibe gloria o meu Pai, con que deades froito abundante; así seredes discípulos meus».

Palabra do Señor.

(Narrador - Xesús)